



PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE XERENTE DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS Á PROBA TEÓRICA (2ª FASE DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN)

O Tribunal encargado de xulgar o mencionado proceso de selección, á vista das reclamacións presentadas na 2º fase do procedemento de selección, (proba teórica), e unha vez examinadas as alegacións formuladas polo candidato D. Carlos Álvarez Álvarez en relación ás preguntas da proba teórica con nºs 4, 9, 12, 13 e 49 , acordou o seguinte:

- 1) Desestimar a reclamación presentada polo recorrente en relación á pregunta nº4 con fundamento no seguinte:
 - A pregunta refire un órgano do consorcio, cal é o Pleno. O artigo 9 dos estatutos establece con detalle por quen estará integrado este órgano colexiado. Da súa lectura, epígrafe 1, no que refire á Xunta, establece que formará parte del a persoa titular da consellería con competencias en materia de protección civil e xestión de emerxencia ou persoa en quen delegue, máis dous representantes da Xunta designados pola consellería con competencias en materia de atención ás emerxencias.
 - Do anterior conclúese que o número de representantes da Xunta son TRES, con dereito a voto.
 - En consecuencia a resposta correcta a esta pregunta é a correspondente á letra “C”.
- 2) Desestimar a reclamación presentada polo recorrente en relación á pregunta nº 9 con fundamento no seguinte:
 - A pregunta refírese a aquela resposta que se considere “incorrecta”. Como ben argumenta parcialmente o recorrente respecto das respostas “A” e “B”, que considera correctas, a resposta “C” tamén ten a mesma consideración (art. 3.1.b) da Lei de Emerxencias de Galicia, en consecuencia a resposta correcta a esta pregunta e a que recolle a letra “D”.
- 3) Estimar a reclamación presentada polo recorrente en relación á pregunta nº 12 con fundamento no seguinte
 - Acéptase a argumentación do recorrente xa que a pregunta límitase “aos órganos de goberno”, aínda cando no seu enunciado inicial refire “órganos de goberno e de xestión”, o que invalida a resposta estimada como correcta no test correspondente á Xerencia (órgano de xestión)
 - En consecuencia, o Tribunal acorda declarar nula esta pregunta e proceder a súa substitución pola primeira das preguntas de reserva, segundo resulta da prelación numérica do cuestionario-test da proba teórica

4) Desestimar a reclamación presentada polo recorrente en relación á pregunta nº 13 con fundamento no seguinte:

- Da lectura da pregunta e de acordo co art. 9.2 dos Estatutos do consorcio, conclúese que só se computan os votos da representación das administracións consorciadas (Xunta e Deputación); en consecuencia, as respostas á pregunta das letras “A” e “B” son correctas, non así a da letra “C”, xa que logo a resposta correcta á pregunta é a sinalada coa letra “D” que abrangue as dúas primeiras e elimina a que resulta incorrecta.

5) Estimar a reclamación presentada polo recorrente en relación á pregunta nº 49 con fundamento no seguinte:

- Acéptase a argumentación do recorrente por canto revisada esta pregunta, detéctase un erro na transcripción á folia de respostas correctas empregada para a corrección da proba e publicada na páxina web do consorcio, xa que na mesma figura como resposta correcta a esta pregunta a correspondente á letra “A”, cando a resposta correcta é a correspondente á letra “D”
- En consecuencia, o Tribunal acorda modificar á folia de respostas correctas empregada para a corrección da proba e publicada na páxina web do consorcio, sendo a resposta correcta á pregunta número 49 a a correspondente á letra “D”

6) Resoltas as reclamacións presentadas, e realizadas as revisións oportunas considerando o acordado polo Tribunal nos apartados 3) e 5) anteriores, os resultados definitivos da 2ª fase do procedemento (proba teórica), son os seguintes:

APellidos e NOME	RESPOSTAS CORRECTAS	RESPOSTAS INCORRECTAS	RESPOSTAS EN BRANCO	CONTABILIZACIÓN DE RESPOSTAS TENDO EN CONTA A PENALIZACIÓN	PUNTUACIÓN DA PROBA TEÓRICA
ÁLVAREZ ÁLVAREZ, CARLOS	39	7	4	37	14,80 puntos
FERNÁNDEZ DÍAZ, IGNACIO	31	12	7	27	10,80 puntos
LOPEZ FUSTES, ANTONIO	NON PRESENTADO				
NÚÑEZ ÁLVAREZ, JUAN JESÚS	33	13	4	29	11,60 puntos
PENELA TEIRA, IGNACIO JOSÉ	NON PRESENTADO				
ROUCO SEOANE, MARTA MARÍA	40	4	6	39	15,60 puntos
SÁENZ LÓPEZ, CARLOS	38	8	4	36	14,40 puntos
VILOR RIVERO, HORACIO	40	8	2	38	15,20 puntos



- 7) Fixadas as cualificacións definitivas da 2ª fase do proceso, o Tribunal adopta os seguintes acorda publicar a resolución das reclamacións presentadas xunto coa relación das puntuacións definitivas obtidas polos/as aspirantes na páxina web do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento e da Deputación Provincial de Lugo.

Lugo a 21 de setembro do 2017

O SECRETARIO DO TRIBUNAL

Asdo. Jose Antonio Arias Lombardero